



FEDERACIÓN GALEGA DE
ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS
C. M. A. S.



DEPORTE
GALEGO



REGULAMENTO PARTICULAR CLUB DEL MAR SAN AMARO

CAMPIONATO GALEGO DE

VIDEO SUBMARINO 2019

TROFEO CIDADE DA CORUÑA



FEDERACIÓN GALEGA DE
ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS
C. M. A. S.



DEPORTE
GALEGO



1. OBXECTO.

1.1. O obxecto deste documento é completar o recollido no Regulamento de Competición FEGAS de Vídeo Submarino vixente para a celebración do Campionato Galego de Vídeo Submarino – GAVISUB 2019, organizado pola FEGAS e polo Club del Mar de San Amaro de A Coruña e que terá lugar os días 17 e 18 de agosto de 2019 en San Amaro – A Coruña.

2. PREINSCRICIÓN E INSCRICIÓN.

2.1. Para poder participar na competición deberase cubrir o documento de preinscrición específico e remitilo por correo electrónico desde a dirección de e-mail do club ó que pertenza ó participante que figura como "Cámara" ás seguintes direccións de correo electrónico: fegas@fegas.net, imagen@fegas.net, buceo@clubdelmardesanamaro.com e jtm2010@coeticor.net. Ademais, achegarse en formato dixital os seguintes documentos dos dous compoñentes do equipo: DNI, titulación de mergullo, licenza federativa de competición e certificado médico emitido por un médico que posúa título, especialidade, diploma ou certificado relacionado coas actividades subacuáticas emitido por un organismo oficial, tal e como se indica na regulamentación das normas de seguridade para o mergullo. O **último día para efectuar a preinscrición é o 13 de agosto de 2019.**

2.2. O primeiro día de competición e no lugar de presentación dos participantes, formalizarase a inscrición na proba asinando o documento correspondente e entregaranse á Organización os documentos orixinais da documentación á que se refire o punto anterior. Todos estes documentos deben estar en vigor.

2.3. A titulación de mergullo de polo menos un dos integrantes de cada equipo será CMAS/FEDAS B2E ou superior, ou equivalente e convalidable por CMAS/FEDAS B2E ou superior se se trata doutra certificadora. Os participantes dun mesmo equipo (*Cámara* e *Axudante de cámara*) deberán cumprir cos límites establecidos para o de menor nivel de mergullo.

2.4. Lémbrese a **obrigatoriedade de portar a boia de descompresión** durante os inmersións da competición por parte de ámbolos dous participantes dun mesmo equipo (*Cámara* e *Axudante de cámara*) pois **o seu uso é obrigatorio para indicar a súa posición cando se vaia iniciar o ascenso á superficie**. Igualmente, lémbrese a obrigatoriedade de ir equipado con polo menos un regulador con dobre segunda etapa (ou dobre regulador), manómetro (ou grifería con sistema de reserva), coitelo, e conxunto de reloxo-profundímetro-táboas ou ordenador de mergullo.



FEDERACIÓN GALEGA DE
ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS
C. M. A. S.



DEPORTE
GALEGO



2.5. As botellas de mergullo que se empreguen na competición **deberán cumprir cos requisitos establecidos na normativa vixente no relativo ás inspeccións periódicas**, é dicir, o último retimbrado será de hai menos de tres anos e a última inspección visual será de hai menos dun ano. As botellas que non cumpran con este requisito non poderán empregarse na competición.

2.6. Non se permitirá a participación nesta proba daquela persoa ou persoas que non cumpran cos requisitos establecidos no presente regulamento particular.

3. DESENVOLVEMENTO DA COMPETICIÓN.

3.1. O campionato celebrarase **os días 17 e 18 de agosto de 2019**. O sábado día 17 de agosto realizaranse as gravacións de imaxes: pola mañá, as tomas submarinas no lugar coñecido como **Enseada de San Amaro e “O Grelle”, en San Amaro – A Coruña**, e pola tarde, as tomas de terra. O domingo día 18 de agosto levarase a cabo a xornada de edición nas instalacións do Club del Mar de San Amaro de A Coruña.

Sábado día 17 de agosto de 2019

3.2. O punto de reunión para os participantes será no lugar na Escola de Buceo dentro das instalacións do Club del Mar de San Amaro, sendo a hora límite de presentación as 9:30 horas. Deberase formalizar a inscrición na proba e entregar a documentación á que se refiren os puntos 2.1 e 2.2.

3.3. Antes do comezo da primeira inmersión terá lugar unha reunión informativa entre todos os participantes, o Comité de Competición e a Organización para explicar o desenvolvemento da proba, plan de seguridade, horarios e programa detallado. Tamén se definirá a composición do Comité de Competición.

3.4. A xornada de gravación de tomas submarinas constará de dúas inmersións dun máximo de 90 minutos cada unha. A primeira delas dará comezo ás 10:30 horas, e a segunda ás 13:00 horas. Tanto a duración das inmersións como as horas de comezo poderían ser modificadas pola Organización da proba se esta o considera conveniente para o bo desenvolvemento da competición.

3.5. Antes do inicio e ó final de cada inmersión realizaranse as tomas de control que a Organización da proba estableza. Ademais, non se poderán manipular os equipos de gravación desde o momento da finalización da primeira inmersión ata o momento do comezo da segunda inmersión salvo para a realización das tomas de control, que se farán sempre en presenza do membro da Organización designado para tal efecto. Esta será a única persoa que poderá autorizar excepcionalmente e baixo circunstancias debidamente xustificadas a manipulación dos equipos de gravación neste intervalo de tempo.



**FEDERACIÓN GALEGA DE
ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS**
C. M. A. S.



**DEPORTE
GALEGO**



3.6. Unha vez finalizada a última inmersión e realizada a derradeira toma de control, os participantes farán entrega das súas imaxes á Organización. Para elo deberán aportar os medios necesarios para realizar un correcto copiado das mesmas directamente desde o equipo de gravación ó equipo informático da Organización.

3.7. Pola tarde, os participantes poderán realizar a gravación das tomas de terra que consideren oportunas e necesarias para incorporar ós seus traballos. Deberán realizarse no concello de A Coruña. Previamente deberán realizar a toma de control que estableza a Organización. As imaxes gravadas entregaranse á Organización ó día seguinte, aportando os medios necesarios para realizar un correcto copiado das mesmas directamente desde o equipo de gravación ó equipo informático da Organización.

Domingo día 18 de agosto de 2019

3.8. O lugar de reunión para este día será a Escala de Buceo nas instalacións do Club del Mar de San Amaro de A Coruña, sito en Paseo de San Amaro s/n – A Coruña, a partir das 9:00 horas.

3.9. A xornada de edición terá unha duración de cinco horas ininterrompidas, dando comezo ás 9:30 horas. O horario podería ser modificado pola Organización da proba se esta o considera conveniente para o bo desenvolvemento da xornada.

3.10. Unha vez finalizado o tempo de edición, os participantes copiarán o arquivo dixital co seu traballo no dispositivo de almacenamento que lle facilite a Organización. Este arquivo deberá presentarse nun dos formatos máis habituais de vídeo (mp4, mov, avi, etc...) para a súa correcta visualización, e nunha resolución máxima de 1920x1080.

4. ZONA DE COMPETICIÓN.

Según Anexo 1 – Zona Competición 2019

5. TOMA E PUBLICACIÓN DE IMAXES E DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

5.1. A participación na competición implica a autorización á Federación Galega de Actividades Subacuáticas (FEGAS) e ao Club Organizador para difundir a totalidade das imaxes recollidas sobre o evento en calquera medio de comunicación, escrito e/ou audiovisual, sen límite territorial, así como a súa utilización pola FEGAS e o Club Organizador na súa publicidade. Así mesmo, autoriza á FEGAS e ao Club Organizador a empregar as imaxes obtidas froito da competición, para a súa publicación na páxina web corporativa da FEGAS, nas galas de entrega de premios, así como para o envío de noticias exclusivas para anunciar a celebración e os resultados dos ditos campionatos, quedando limitado, no caso de cesión de vídeos para a súa emisión en televisión, ao 40% da



**FEDERACIÓN GALEGA DE
ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS**
C. M. A. S.



**DEPORTE
GALEGO**



duración de cada vídeo, co fin de divulgar e promover este tipo de actividades e nunca con fins comerciais. Para calquera outro tipo de utilización, requirírase autorización expresa do autor das imaxes.

5.2. Dacordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslles de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é a Federación Galega de Actividades Subacuáticas (FEGAS) con domicilio en Polígono Industrial A Grela-Bens, Rúa Gutemberg, 32-C – baixo - entresuelo, 15008 A Coruña (A Coruña). A finalidade deste ficheiro é a xestión de imaxes tomadas durante a celebración de saídas, campionatos e outros eventos organizados pola entidade ou facilitadas polos federados. Se o desexa, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito a dirección sinalada, achegando unha fotocopia do seu DNI.